

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA SOMETER AO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA A PROPOSTA DE ESTRUCTURA DE CUSTOS E A FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS DA CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO CONSISTENTE NA RECOLLIDA, TRANSPORTE E ELIMINACIÓN DOS CADÁVERES DE ANIMAIS MORTOS NAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do día 25 de maio de 2026, a empresa pública Tragsatec en calidade de medio propio personificado da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro do disposto na DA 24ª da LCSP, presentou o estudo de viabilidade económico-financeira da concesión do servizo público consistente na recollida, transporte e eliminación dos cadáveres de animais mortos nas explotacións gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Por resolución do órgano de contratación do 26 de maio de 2026, ditada por delegación en virtude do disposto no apartado 2 do artigo 1 da Orde do 17 de novembro de 2015, sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 223, do 23 de novembro de 2015), acordouse a aprobación do estudo de viabilidade ao que se refire o apartado anterior.

Terceiro.- O 27 de maio e 2026 a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias emitiu a memoria xustificativa da estrutura de custos e da revisión de prezos para a concesión do servizo da recollida, transporte e eliminación dos cadáveres de animais mortos nas explotacións gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- A competencia para ditar esta resolución corresponde á Secretaria Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, en virtude do establecido no apartado 2 do artigo 1 da Orde do 17 de novembro, de 2015, sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería, (DOG núm. 223, do 23 de novembro de 2015).

Segunda.- Resultan de aplicación as disposicións da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 e do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e, especificamente, a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da





economía española e o seu desenvolvemento regulamentario, aprobado polo Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro.

Terceira.- De conformidade co previsto no artigo 103 da LCSP, os prezos dos contratos do sector público só poderán ser obxecto de revisión periódica e predeterminada nos termos establecidos no Capítulo II, Título III, Libro I da lei, esixíndose incluír no expediente a xustificación da procedencia da revisión de conformidade co previsto no Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Unha vez completada dita xustificación, o órgano de contratación poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares o dereito a revisión periódica e predeterminada de prezos, e nese caso deberá fixar a fórmula de revisión que deba aplicarse, que será invariable durante a vixencia do contrato.

Cuarta.- O artigo 9.7 do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, esixe que para os contratos cun prezo igual ou superior a cinco millóns de euros, o órgano de contratación inclúa no expediente de contratación un informe preceptivo valorativo da estrutura de custos, emitido polo Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado, que no caso das Comunidades Autónomas pode ser recabado do órgano autonómico consultivo en materia de contratación pública, para cuxos efectos deberá:

«(...)

- a) Solicitar a cinco operadores económicos do sector a remisión da súa estrutura de custos.
- b) Elaborar unha proposta de estrutura de custos da actividade. Para iso utilizará, sempre que sexa posible, a información das respostas que reciba dos operadores económicos mencionados na letra anterior.
- c) Someter a súa proposta de estrutura de custos a un trámite de información pública por un prazo de 20 días. (...)».

Quinta.- Unha vez revisado o contido da memoria xustificativa da estrutura de custos e da fórmula de revisión de prezos emitida pola Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, correspondente á concesión do servizo público consistente na recollida, transporte e eliminación dos cadáveres de animais mortos nas explotacións gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia, compróbase que se axusta ás previsións do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que compre ter por finalizado o trámite de elaboración da proposta, da que o órgano de contratación asume o seu contido, aos efectos do previsto no art. 9.7.b) desta norma regulamentaria.

Así mesmo, de conformidade do establecido na letra c) do dito art. 9.7, procede someter a proposta de estrutura de custos a un trámite de información pública por un prazo de 20 días hábiles, a fin de que se poidan facer as alegacións que procedan.

Examinada a memoria xustificativa da estrutura de custos e da fórmula de revisión de prezos emitida pola Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e o disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e





2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, (LCSP), así como a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española e o Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro,

ACORDO:

Primeiro.- Ter por concluído o trámite de elaboración da proposta de estrutura de custos da actividade previsto no art. 9.7.b) do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro.

Segundo.- En cumprimento do establecido no artigo 9.7.c) do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, someter a proposta de estrutura de custos a un trámite de información pública durante un prazo de vinte (20) días hábiles, contado dende o día seguinte ao da publicación deste acordo, a fin de que se poidan facer as observacións ou alegacións oportunas.

Para os efectos do trámite de información pública, a memoria xustificativa da estrutura de custos e da fórmula de revisión de prezos publicarase no portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia en <https://transparencia.xunta.gal/procedementos-de-informacion-publica> e na sección do mesmo nome do portal da Consellería de Medio Rural en <https://www.xunta.gal/medio-rural/transparencia>, así como no perfil de contratante do órgano de contratación da Consellería do Medio Rural na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (<https://www.contratosdegalicia.gal>).

Así mesmo, a dita proposta está a disposición dos interesados na Subdirección Xeral de Contratación da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 1º andar, 15781 Santiago de Compostela.

As alegacións deberán presentarse na Sede electrónica da Xunta de Galicia a través do modelo PR004A (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitud-xenerica>), no prazo de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente acordo, e ir dirixidas á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural. O prazo rematará o día 30 de xuño de 2026.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A conselleira

P.D. (Orde do 17/11/15, DOG nº 223 do 23 de novembro)

A secretaria xeral técnica

Marta Forés Lojo

